

No Peirao



▶
a b r i l
2 0 0 5

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA

Urbanismo en *Ribeira* *as fendas da vergoña*


Por que o goberno do PP **tardou** tanto en actuar diante das denuncias dos afectados?

GRETAS EN EDIFICIOS DA RÚA XENERAL FRANCO

A primeiros de decembro, veciños e veciñas do edificio nº 107 da Rúa Xeneral Franco denuncian diante do Alcalde serios desperfectos nas súas vivendas, que máis tarde documentan cun rigoroso informe técnico. Como xa vén sendo costume, non obteñen resposta. Dende ese día a preocupación aumenta, pois os danos seguen a medrar: fendas en tabiques e chan, importante abatemento do edificio e mesmo se aprecia unha preocupante separación do inmobile contiguo. A cousa é moi seria. As persoas afectadas vense obrigadas a recorrer á mobilización e á denuncia no xulgado.

A mediados de febreiro, e a requirimento de veciños e veciñas, o BNG presenta unha iniciativa ante o Alcalde e a Xunta de Goberno exixíndolle a adopción de solucións. Tiveron que pasar tres meses de protestas, iniciativas e mesmo denuncias para que o Alcalde e o seu goberno do PP se dignasen a tomar as medidas que deberían ter adoptadas dende o primeiro momento e por iniciativa propia.

Por que o Alcalde non lles ordenou aos servizos técnicos a supervisión da execución da obra diante da primeira denuncia? Son viables dous andares de soto? A que intereses obedece este abandono? Aos da cidadanía non. Dende o primeiro momento o Concello debeu inspec-



cionar as obras, exixirles un informe técnico aos promotores e a adopción das medidas oportunas para salvagardar os intereses e a seguridade dos veciños e das veciñas. Estas medidas, que xa o BNG de-

mandara do Concello son agora, un mes máis tarde, referendadas por un informe do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Outra vez o goberno municipal actúa tarde e mal.

Torres non está á altura

O descontrol no goberno municipal do PP-Torres é un clamor que vai aumentando. A cidadanía, que pese a todo se amosa activa e dinámica, observa perplexa, pero cada vez máis chea de carraxe, a desidia incompetente dun equipo de goberno paralizado. Torres non recibe a ninguén –agora por non ser presidente da Deputación, antes porque o era–; os problemas urbanísticos abrollan por toda Ribeira e o goberno só aparece, tarde e mal, cando llo exixen veciños e veciñas; os cheiros van a máis; as empresas “voan” por falla de chan e a mocidade busca actividades lúdicas e laborais fóra para escapar doutros “rollos”... Logo deste negro panorama o Alcalde contrata os servizos de... un arquitecto? unha asesora urbanista? un dinamizador xuvenil? Unha asistenta para atender aos veciños e veciñas? Un técnico en promoción económica?...

NON Torres contrata como asesor un xornalista –uns 2.300 €/mes– para crear un gabinete de prensa que se encargará de pintar de cores o negro panorama no que está inmerso o noso Concello.

Contacta con nós

Coa túa colaboración podemos
CAMBIAR RIBEIRA

Temos un proxecto de goberno
serio, aberto e participativo.

Opina, loita, suxire...

barbanza@bng-galiza.org
www.bng-galiza.org/barbanza

Parque eólico singular o BNG defende o público

O VENTO É DE TODOS E TODAS Dende que se considerou a posibilidade de instalar un Parque Eólico Singular (PES) en Ribeira, o BNG propuxo unha xestión pública ou mixta para este. É, sen dúbida, a opción máis beneficiosa para a cidadanía. Só falta que o Goberno Municipal teña vontade política para levala a cabo.



Non é o mesmo ingresar anualmente corenta e dous mil euros por beneficios –a oferta máis cativa, 7%– que dous centos corenta e cinco mil da xestión mixta que nós propuxemos.

A día de hoxe presentáronse ao concurso tres empresas que cumpren as condicións e que ofertan diferentes canons anuais ao Concello: 7% a 40 anos, 20% a 20 anos e 22% a 20 anos. Estas cantidades supoñen aproximadamente: 42.000 €, 120.000 € e 132.000 € respectivamente. Estas ofertas veñen darlle a razón ao BNG cando dicimos que era ridícula a licitación mínima que fixou o goberno municipal (5%) así como excesiva a duración da concesión (40 anos):

“Non renunciaremos a fiscalizar a adxudicación para que se faga dentro da máis estrita legalidade”

dúas das empresas multiplican por catro ese 5% e reducen á metade o tempo de duración da explotación.

Aínda que a xestión pública ou mixta proposta polo BNG foi rexeitada polo goberno municipal, non renunciaremos a fiscalizar a adxudicación, para que finalmente se faga dentro da estrita legalidade e que esta sexa a máis vantaxosa para o Concello.

Dársena exterior de Ribeira o bloque apoia a comisión de estudo

O BNG apoia a Comisión de Estudo sobre a dársena aprobada por unanimidade no Pleno do 31 de xaneiro. A devandita Comisión deberá “estudar a idoneidade de levar a cabo a citada obra e os posibles efectos negativos, así como o estudo das contraprestacións aos sectores que poidan resultar afectados”. Nesta decisión Ribeira xógase unha parte importante do seu futuro.

Defendemos un proceso aberto, participativo e transparente. A actitude do Partido Popular, con ameazas agachadas, presións institucionais e actos propagandístico-electorais acompañados dun gran bombo mediático, supón desvirtuar o obxectivo para o que foi creada a Comisión e facer un uso partidario desta. Isto sería, sen lugar a dúbidas, unha fraude á cidadanía.

Dominga Brión insiste: aparcadoiros en Aguiño xa

TORRES NON CUMPRE OS SEUS COMPROMISOS Unha iniciativa do Bloque, aprobada por unanimidade en febreiro de 2003 no Pleno municipal, aínda está sen cumprir. Outra mostra máis da deixadez do PP. Diante da nosa iniciativa, o goberno do Concello comprometiase a dotar orzamentariamente unha partida para amañar o problema dos aparcadoiros na estrada xeral de Aguiño, hoxe rúa Francisco Lorenzo. O gran número de comercios, coas conseguíntes cargas e descargas de camións e furgonetas, así coma o estacionamento de vehículos particulares, teñen mergullada a rúa nun caos circulatorio, con constantes atascos, que o Concello non é quen de solucionar. Para colmo de males, nesta vía producíronse xa moitas sancións de tráfico –por mal estacionamento!–, coa inxustiza que isto representa.

Pese a que o Alcalde recoñeceu que o proxecto é viábel, o goberno municipal non destinou ningunha partida orzamentaria para esta obra. É por iso que o BNG vén de presentar unha pregunta para lembrar esta nova promesa incumprida de Torres Colomer.



Por que Ribeira é o concello que máis cheira?

CHEIRIÑOS DA MIÑA TERRA Diante dos abafantes cheiros que se están a producir nos últimos días na parroquia de Artes, o Bloque Nacionalista Galego de Ribeira quere manifestar que xa desde o día 14 de febreiro se ten dirixido ao goberno do Concello para que poña fin a unha situación que non é nova.

Non é máis que unha continuación do que acontece noutros lugares do Concello: Deán, Avenida de Ferrol, Corrubedo, centro urbano de Ribeira e agora Artes, sofren as consecuencias da mala xestión dun goberno manifestamente incompetente para resolver un problema que, como testifica o SEPRONA, mesmo está afectando gravemente á saúde pública desde hai anos.

Na súa iniciativa o BNG exíxelle ao Goberno municipal que faga cumprir a normativa de vertidos que entrou en vigor hai preto de ano e medio. O do cheiro en Ribeira é para chorar.


Chuvia de millóns para os amigos? tan transparentes como o chapapote

O GOBERNO DE RIBEIRA ENCHE OS PETOS DO PP Unha empresa achegada ao Grupo Cuiña leva o sesenta por cento dos gastos derivados de limpar o chapapote do *Prestige* no Concello de Ribeira, que ascenden a máis de cento sesenta millóns das antigas pesetas (947.640.80 €). As cousas non están nada claras no que se refire ao reparto.

Nos fatídicos días do accidente do *Prestige* nas nosas costas, o BNG, atendendo á magnitude do desastre, propúxolle ao goberno municipal a creación dun gabinete de crise que atendera de xeito consensuado as actuacións precisas para paliar o desastre. Ao noso parecer, a gravidade da situación así o requiría. A iniciativa foi rexeitada. O PP decidiu daquela acometer o problema excluindo aos grupos municipais da oposición, e polo tanto ao BNG, pese á nosa oferta de colaboración: ordenan actuacións, contratan servizos, compran material..., sen ningún tipo de transparencia, ao seu antollo e comenencia.

Dous anos despois, o PP presenta unha proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito ou débeda, por importe de preto dun millón de euros (947.640.80 €), case 160 millóns de pesetas, que non foi quen de xestionar co “gobierno amigo” en Madrid durante ano e medio.

O BNG considera urxente o pagamento aos provedores de todo o material e servizos prestados para a ocasión, moitos deles sen custo, por numerosos pequenos empresarios, na súa meirande par-



te do Concello. Para a nosa sorpresa, comprobamos que, analizando a relación de empresas, aparece unha que se abastece doutra ligada ao grupo Cuiña, e que leva máis do 60% do gasto total (590.226 €, preto de cen millóns de pesetas). Máis sorpresa nos produce aínda comprobar que o material adquirido polo goberno do PP a esta empresa consiste en: botas, gafas, pas, luvas, roupa de augas, capachos, bu-

zos brancos..., é dicir, material que moitas empresas de Ribeira poderían servir en menos de 24 horas. Quizais agora se entenda mellor o interese do goberno-PP do Concello en xestionar ao seu antollo a crise do *Prestige*.

Quen aceptaría a compra de material fóra cando xa o teñen empresas ribeirenses? Quen aceptaría un descontrol tal na merca que aínda hoxe hai material sen utilizar? Quen pode permitir que o noso pequeno empresario teña que agardar dous anos, ao igual que unha grande empresa que só fixo de intermediaria? Por que o goberno-PP os mete a todos no mesmo saco?

¿Canto vai ter que pagar cada ribeirense do seu peto por tan nefasta actuación?

A cousa non rematará aquí. Agora cómpre que o Estado reverta os cartos gastados, pero..., non o fará de calquera xeito, e é moi probable que o malgasto non sexa aprobado na súa totalidade.



A culturíña que temos éche o que hai

Semella que a programación cultural do noso concello faise cubrindo impresos para unirse aos circuitos culturais doutras institucións. Pero, **que hai das actividades deseñadas especificamente para os e as ribeirenses?** Ben poucas para un concello que xestiona tantos cartos para a cultura.

A capacidade para desenvolver actividades novidosas e atractivas non existe. Repítense os mesmos esquemas ano tras ano sen variar e innovar. Poñamos un só exemplo: as dúas únicas publicacións que edita cada ano o Concello de Ribeira son o programa das festas de agosto e o folleto coas murgas do Entroido.

Tamén hai unha clara tendencia a centrar as actividades en épocas de vacacións (Nadal, Entroido, verán...) como se os que vivimos todo o ano en Ribeira non tiveramos dereito a gozar de actos culturais de xeito habitual. É unha mágoa que o Concello non aproveite mellor todo o entramado individual e so-

cial que ten inquietudes culturais. **Hai moitos/as ribeirenses que fan música, que pintan, que escriben, que esculpen, que fotografan..., onde están os apoios do Concello?**

Precísanse abrir espazos, e difundir as creacións. Unha casa da xuventude autoxestionada pola mocidade sería un bo punto de partida.

Ademais, a cultura non se debe centrar só na mocidade. **Que actividades máis aló das verbenas hai para a xente maior?** Ben sabemos todos que na feira de teatro o auditorio queda pequeno para a cantidade de público, e maioritariamente non é mocidade a que asiste. Demanda hai, por que non se programa logo para ter actividades máis aló das 8 semanas que dura a feira?

En fin, salvámonos de que hai asociacións que son capaces de organizar e dinamizar culturalmente a vila e as esquecidas parroquias orfas de cultura, sen apoio do Concello. Doutro xeito teríamos unha razón máis para coller as maletas.

A oferta cultural e deportiva municipal non está á altura do que demanda a cidadanía



E o meu irmancoño terá de saír da terra para ganalo pan?

CASTELAO

8 DE MARZO DÍA DA MULLER

O 8 de marzo celebrouse o Día Internacional da Muller. A comisión comarcal de mulleres do BNG convocou unha conferencia de prensa á que asistiu a responsable da Comisión Nacional das Mulleres, Ana Rúa. Foi a presentación da campaña Reconecemento social e económico das mulleres, a prol da reivindicación dunha igualdade real e efectiva. No acto informouse do traballo que realiza o Bloque nas institucións (concellos, parlamentos galego e español) para mellorar as condicións sociais e laborais das mulleres na comarca: reivindicación de medidas para a conciliación da vida familiar e laboral (gardarías, xardíns de infancia, centros de día para maiores ou dependentes, comedores escolares...); reivindicacións para mellorar as condicións das labregas, mariscadoras e conserveiras; medidas contra a violencia (axudas, pisos tutelados ou de alugueiro para mulleres maltratadas, persoal nos Centros de Información á Muller...), etc. Ao respecto presentouse un moción en cada concello.

O sábado 12 tivo lugar en Boiro a charla: "Situación laboral das mulleres na Galiza: necesidade dun cambio de rumbo", onde a relatora, Ana Rúa, expuxo os datos máis significativos recollidos no traballo do mesmo título realizado pola Comisión Nacional e que amosan a precaria situación laboral das mulleres. O paro feminino supera en máis do duplo ao masculino (19% fronte ao 9%).

CONTRA A CORRUPCIÓN

ANXO QUINTANA: AS CONTAS CLARAS O voceiro nacional do BNG vén de propoñer a creación en Galiza dunha Comisión Contra a Corrupción. O próximo presidente da Xunta afirmou que un goberno nacionalista se dotaría dun Código Ético que regulase as contratacións de persoal e de obras e servizos: "*a oposición terá voz e voto nas mesas de contratación*".



O CONSELLEIRO "VEU DE PESCA"

O Conselleiro de Pesca, de paso por Ribeira, considerou "*patrañas*" estas propostas do BNG conta a corrupción, mais el sabe que "algúns" do goberno do PP-Fraga "*viron incrementado notablemente o seu patrimonio nos últimos anos paralelamente á súa vida política*" (9/2004), pero non quere dicir quen é, o que o converte nun **encubridor**.

Mentres que en Cataluña as acusacións de corrupción e cobro de comisións convértese nun "tema de Estado" e poñen en perigo a lexislatura, en Galiza as afirmacións de López Veiga –no seu día clara-

mente dirixidas a Cuiña e Baltar–tómase de broma (unha bromiña do simpático do conselleiro?).

Tampouco sabe o señor que non vía mareas negras as causas da enorme mortalidade do marisco nos bancos de Ribeira e da diminución de capturas, a pesar de que xa vén de vello. E atrevese a dicir que por iso non pode xestionar axudas: isto convérteo nun **incompetente**. Mais o individuo si que sabe vir pasearse con Torres que, lonxe de exixirlle atención ao minguante e depauperado sector marisqueiro, arrechégase a el para saír na foto ao tempo que o conselleiro anuncia grandes inversións con tremendo tufo electoralista. Unha mágoa.

A CAMPAÑA DO BLOQUE PARA A MELLORA DO SERVIZO DE CORREOS UN ÉXITO



A voceira do BNG de Ribeira, Dominga Brión, xunto a algúns dos cidadáns que apoiaron as reivindicacións do BNG.

O BLOQUE ESIXE MELLORAS INMEDIATAS O BNG comproba na rúa o enorme descontento xeral co funcionamento do servizo de correos no Concello. **Recolléronse máis de 2.000 sinaturas** nunha campaña reivindicativa levada a cabo en colaboración cos sindicatos de correos CIG e CXT. Presentamos iniciativas no Concello e no Parlamento do Estado para reclamar a mellora do servizo. Tamén insistimos no grupo de goberno municipal para que reaccionase diante dunha situación na que, por pasividade, se está a converter en cómplice.

Logo destas iniciativas do BNG foi cando o Alcalde se veu obrigado a evitar o peche definitivo das estafetas de Palmeira e Aguiño. Son os primeiros froitos das xustas reclamacións dunha campaña que aínda non rematou. En resposta ao noso parlamentario **Francisco Rodríguez**, o director xeral de Correos recoñeceu as deficiencias, mais aínda non achegou solucións. Seguiremos a insistir para que todas as parroquias teñan estafetas, para que se mellore o edificio de correos de Ribeira e para que se acade o reparto diario tal como se recolle na Lei postal.